

V O

PLAN
MUNICIPAL

L U N

T A

r i A



D O

PLAN MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO DO CONCELLO DE SILLEDA

1. PRESENTACIÓN

O Concello de Silleda, a través dos distintos departamentos municipais, pon a dispor da veciñanza en xeral e tamén do tecido asociativo do municipio un Plan Municipal de Voluntariado que ten como fin converterse no punto de referencia e guía no fomento da participación e colaboración da veciñanza no ámbito local, así como poder axudar a solucionar as necesidades que se xeran no noso territorio.

Este documento busca ser un referente para as persoas e entidades sociais que de maneira libre e altruísta estean interesadas en realizar actividades de voluntariado, así como servir de ferramenta para a transformación social dende a participación.

O Concello de Silleda conta cun nutrido grupo de entidades e grupos sociais que forman un extenso tecido asociativo, con colectivos veciñais, culturais, deportivos e outros sen ánimo de lucro que veñen desenvolvendo ao longo dos anos un papel fundamental na dinamización social de Silleda dende distintos ámbitos.

Ao mesmo tempo, Silleda conta nos últimos anos con persoas que veñen desenvolvendo labores de xeito voluntario en distintos ámbitos (Benestar Social, programa Silleda Solidaria, actividades deportivas...) colaborando ca Administración Local e complementando as accións desta.

Conscientes de que o voluntariado contribúe á mellora da nosa sociedade, con este Plan Municipal de Voluntariado búscase sentar as bases para regularizar a labor altruísta de persoas e entidades sociais, ao tempo que se establece o papel do Concello de Silleda á hora de prestar a colaboración necesaria para crear e fortalecer unha rede municipal de voluntariado, tanto co asesoramento ás entidades e grupos locais que desexen poñer en marcha programas de voluntariado, como ca coordinación das persoas que queiran converterse en voluntarias e necesiten formación ou, de ser o caso, contactar con entidades cun ámbito de actuación que se axeite as súas inquiredanzas.

Así mesmo, a Axenda 2030 que se está a implementar no ámbito municipal, reconece as iniciativas lideradas localmente e reconece na acción voluntaria un instrumento fundamental para incrementar a participación cívica a inclusión social e a solidariedade.

Así, ao trasladar a nivel local os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, os grupos de persoas voluntarias nunha comunidade preséntanse como esenciais

para deseñar, aplicar e avaliar programas de desenvolvemento que afectan á mesma, polo seu coñecemento das características socioeconómicas do territorio.

Ademais, o presente plan delimita a liñas de actuación a seguir e establece as pautas básicas para a coordinación das distintas iniciativas. Os seus eixos principais céntranse na información, sensibilización, promoción, coordinación e formación no ámbito da acción voluntaria.

2. MARCO NORMATIVO

O presente plan realizase tento en conta o marco legal establecido pola Lei 10/2011 do 28 de novembro de Acción Voluntaria (DOG do 21 de decembro de 2011) e a Lei 45/2015 de Voluntariado (BOE do 15 de outubro de 2015).

3. MARCO CONCEPTUAL

Establécese, segundo a citada normativa no punto anterior, que se entende por *acción voluntaria* toda aquela actividade realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria, sempre que reúnan as seguintes condicións:

a) Que se trate dunha decisión libremente adoptada e non cause unha obriga ou deber xurídico.

b) Que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcional ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída.

c) Que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan.

d) Que se leve a efecto en función de programas concretos, xa sexan promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

Non terán a consideración de acción voluntaria as actividades:

a) Que sexan realizadas de forma espontánea.

b) Consideradas como prácticas, aprendizaxes ou experiencia profesional.

c) Que sexan prestadas á marxe das entidades de acción voluntaria, de modo illado ou esporádico.

d) Promovidas por calquera entidade para a consecución de beneficio económico ou intereses propios.

e) As desenvolvidas como consecuencia dunha relación laboral, mercantil, funcional de calquera tipo, así como as que constitúan exercicio de funcións directivas ou xerenciais nas entidades de acción voluntaria, excepto cando quen as leve a cabo conserven a condición de persoas voluntarias e desenvólvanas en tal concepto sen percibir remuneración ou contraprestación polas mesmas.

A acción voluntaria non poderá en ningún caso substituír ás prestacións a que estean obrigadas as administracións públicas ou outras entidades, ao traballo remunerado ou á prestación de servizos profesionais retribuídos.

4. AS PERSOAS VOLUNTARIAS

Unha cuestión fundamental no deseño das medidas que potencian a acción voluntaria no Concello da Silleda é definir correctamente o concepto de persoa voluntaria.

Atendendo ao disposto no artigo 3 da Lei 45/2015 e o artigo 6 do Capítulo I da Lei 10/2011 da Acción Voluntaria, ten a consideración de persoa voluntaria as seguintes:

1. A persoa física que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta e nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado, participe en calquera actividade de acción voluntaria mediante unha entidade de acción voluntaria.

2. Recoñécense como persoas voluntarias, con todos os dereitos e deberes recollidos na mencionada normativa, as persoas que sen estaren adscritas a entidades de acción voluntaria colaboren en programas de acción voluntaria especificamente organizados polas administracións públicas no ámbito das súas competencias.

3. As persoas menores de idade poderán participar en programas e proxectos de voluntariado especificamente adaptados ás súas características, mediante autorización expresa das persoas proxenitoras, dos seus titores/as ou da institución que os teña ao seu cargo, con respecto en todo caso á vontade da ou do menor.

4. A condición de persoal voluntario é compatible coa condición de membro da directiva da entidade e coa de coordinador de programas ou proxectos de voluntariado, sempre que o cargo non sexa retribuído.

5. A condición de persoa voluntaria é incompatible co desempeño de calquera actividade suxeita a retribución económica pola mesma entidade de acción

voluntaria na que se integre, cuxa natureza, contido e obxecto poidan ter relación cos propios da actividade voluntaria.

4.1 DEREITOS DAS PERSOAS VOLUNTARIAS

A Lei 10/2011 do 28 de novembro da Acción Voluntaria recolle no seu capítulo I (do Estatuto das Persoas Voluntarias), artigo 7, establece que as persoas voluntarias teñen dereito a:

- a) Ser tratadas sen ningún tipo de discriminación con respecto da súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- b) Ser informadas e formadas, particularmente en materia de prevención de riscos, e a desenvolveren a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, hixiene e saúde que a súa natureza e características reclamen.
- c) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria.
- d) Recibir das entidades de acción voluntaria que desenvolvan a acción voluntaria na que se integren a información, a formación, o asesoramento e o apoio técnico, así como os medios materiais que requira o exercicio das actividades e das tarefas que se lles asignen.
- e) Participar activamente na entidade de acción voluntaria na que se integren, consonte os seus estatutos, colaborando na planificación, o deseño, a execución e a avaliación dos programas nos que participen.
- f) Acordar libremente coa entidade de acción voluntaria na que se integren o contido e as condicións da súa actividade voluntaria, o ámbito de actuación, a definición das tarefas, o tempo e o horario de dedicación, o lugar de desenvolvemento e as responsabilidades que van asumir, podendo variar as súas características de o permitiren as circunstancias da entidade.
- g) Estar aseguradas mediante póliza que cubra os riscos de accidente da propia persoa voluntaria, así como por danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.
- h) Ser reembolsadas ou compensadas polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias nos termos previamente acordados coa entidade na que se integren.
- i) Recibir certificación da súa participación nos programas e proxectos de acción voluntaria, na que se expresen, polo menos, a súa natureza e as datas nas que se realicen, e a que o devandito certificado se remita ao Rexistro de Acción Voluntaria para os efectos de poderen acreditar o seu historial de experiencias na acción voluntaria.

- j) Obter o cambio de programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.
- k) Renunciar libremente, logo de aviso, á súa condición de persoa voluntaria.
- l) Calquera outro dereito recoñecido no resto do ordenamento xurídico.

4.2 DEBERES DAS DAS PERSOAS VOLUNTARIAS

A Lei 10/2011 do 28 de novembro de Acción Voluntaria recolle no seu artigo 8, que as persoas voluntarias teñen as seguintes obrigas:

- a) Realizar a súa actividade conforme aos principios establecidos na lei.
- b) Observar as medidas de saúde e seguridade que se adoptaron.
- c) Gardar a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida en desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- d) Actuar de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria en desenvolvemento da actividade voluntaria, realizando a súa actividade voluntaria de conformidade coas normas e principios establecidos na normativa reguladora, e colaborando coa entidade en que participe e co resto de persoas voluntarias na consecución da maior eficacia e calidade nos programas e obxectivos que leven a cabo.
- e) Participar nas actividades formativas que se entendan necesarias para un desenvolvemento adecuado da acción voluntaria.
- f) Respetar os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias con quen colabore.
- g) Cumprir os compromisos adquiridos coa entidade en que se integren, respectando os fins, obxectivos e normativa interna.
- h) Rexeitar calquera contraprestación que puidesen recibir pola súa actividade.
- i) Utilizar debidamente a acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria e os distintivos da entidade en que se integren, así como proceder á súa devolución cando finalicen a actividade.
- j) Coidar e facer bo uso dos recursos materiais que poña á súa disposición a entidade.
- k) Notificar á entidade a renuncia coa antelación previamente acordada, en orde a que poidan adoptarse as medidas necesarias para evitar prexuízos para a actividade en que participen.

l) Os demais deberes establecidos polo resto do ordenamento xurídico.

5 . ÁREAS DE ACTUACIÓN

No Concello de Silleda establécense as seguintes áreas potenciais de intervención, sempre que as actividades que no seu caso se programen queden expresamente enmarcadas dentro do ámbito competencial municipal:

- a. **Voluntariado social**, que se desenvolve mediante a intervención coas persoas e a realidade social, fronte a situacións de vulneración, privación ou falta de dereitos ou oportunidades para alcanzar unha mellor calidade de vida e unha maior cohesión e xustiza social no termo municipal de Silleda.
- b. **Voluntariado ambiental**, que persegue diminuír o impacto negativo do ser humano sobre o medio ambiente, así como poñer en valor o patrimonio natural existente, as especies animais e vexetais, os ecosistemas e os recursos naturais realizando, entre outras, accións de protección e recuperación da flora e fauna, a biodiversidade natural dos distintos hábitats, e defensa do medio forestal; de conservación e mellora da auga, dos ríos e outros elementos do medio hídrico; dos demais elementos da paisaxe natural; de educación e sensibilización ambiental; de protección dos animais, e en particular das colonias felinas; e calquera outras que contribúan a protexer, conservar e mellorar o medio ambiente.
- c. **Voluntariado internacional de cooperación para desenvolvemento**, vinculado tanto á educación para o desenvolvemento como parte do proceso educativo e de transformación, como á promoción para o desenvolvemento no relativo á acción humanitaria e a solidariedade internacional, realícese no noso país, en países ou territorios receptores de cooperación ao desenvolvemento ou en calquera país onde se declare unha situación de necesidade humanitaria, sen prexuízo das actividades realizadas neste ámbito polos cooperantes, que se rexerán polo Real Decreto 708/2024, do 23 de xullo, polo que se aproba o Estatuto das persoas cooperantes.
- d. **Voluntariado cultural**, que promove e defende o dereito de acceso á cultura e, en particular, a integración cultural de todas as persoas, a promoción e protección da identidade cultural, a defensa e salvagarda do patrimonio cultural e a participación na vida cultural da comunidade silledense, participando en actividades que promovan e difundan valores relacionados coa cultura.

- e. **Voluntariado deportivo**, que contribúe á cohesión cidadá e social, sumando os valores propios do voluntariado con aqueles outros inherentes á practica deportiva, apostando decididamente por fomentar a dimensión comunitaria no desenvolvemento do deporte en calquera das súas manifestacións, incluído o voluntariado en deporte practicado por persoas con discapacidade . Tamén se aposta por favorecer un maior compromiso de quen practican deporte na vida asociativa, como maneira eficaz de promover a súa educación e inclusión social; así como a participación en distintas probas deportivas que se celebren no termo municipal de Silleda.
- f. **Voluntariado educativo**, que como acción solidaria planificada e integrada no sistema e a comunidade educativa mellora as posibilidades de realización de actividades extraescolares e complementarias contribuindo, en particular, a compensar as desigualdades que puidesen existir entre os alumnos/as por diferenzas sociais, persoais ou económicas, mediante a utilización, entre outros, de programas de aprendizaxe.
- g. **Voluntariado socio-sanitario**, que combine a promoción da saúde, a prevención de enfermidades, a asistencia sanitaria, a rehabilitación e a atención social que vai dirixida ao conxunto da sociedade ou aos colectivos en situación de vulnerabilidade, e que, mediante unha intervención integral e especializada nos aspectos físico, psicolóxico e social, ofrece apoio e orientación ás familias e á contorna máis próxima, mellorando as condicións de vida.
- h. **Voluntariado de lecer e tempo libre**, que forma e sensibiliza nos principios e valores da acción voluntaria mediante o desenvolvemento de actividades no ámbito da educación non formal, que fomenten o desenvolvemento, crecemento persoal e grupal de forma integral, impulsando habilidades, competencias, aptitudes e actitudes nas persoas, e favorecendo ao mesmo tempo a solidariedade e a inclusión, para acadar un maior compromiso, participación e implicación social.
- i. **Voluntariado comunitario**, que favorece a mellora da comunidade, e promove a participación con maior poder de decisión e iniciativa para resolver os problemas e esixir maior calidade de vida nos espazos vitais máis próximos onde se desenvolven os voluntarios, vertebrando unha sociedade solidaria, activa, crítica, comprometida e corresponsable.
- j. **Voluntariado de protección civil**, que colabora regularmente na xestión das emerxencias, nas actuacións que se determinen polo Sistema Nacional de Protección Civil sen prexuízo do deber dos cidadáns nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, como expresión e medio eficaz de participación cidadá na resposta social a estes fenómenos, nos termos que establezan as normas aplicables.

6. EIXOS DO PLAN.

Para a posta en marcha do Plan Municipal de Voluntariado do Concello de Silleda establécense os seguintes eixos de actuación: sensibilización, promoción, formación, coordinación e información/apoio técnico, establecendo para cada un deles os obxectivos e medidas de implementación:

1. Sensibilización.

- Obxectivos:

1. Concienciar aos diferentes sectores sobre a importancia de colaborar en accións de voluntariado como instrumento para conseguir unha sociedade máis xusta e solidaria.
2. Fomentar e potenciar unha auténtica cultura do voluntariado.
3. Incrementar a información sobre o voluntariado, as organizacións que o desenvolven, os sectores de actuación e as canles de participación na acción solidaria.

- Medidas:

1. Campaña xeral de difusión do Plan Municipal de Voluntariado en Silleda.
2. Deseño de actividades de promoción e concienciación social (campañas publicitarias, charlas, distribución de materiais...) dirixidas de maneira individualizada aos sectores onde se vai centrar a captación de voluntarios e voluntarias.

2. Promoción

- Obxectivos:

1. Impulsar, fomentar e potenciar o tecido asociativo.
2. Achegar a toda a veciñanza canles de participación voluntaria, de forma que cada persoa poida actuar no ámbito da súa preferencia.
3. Impulsar iniciativas voluntarias nas diferentes áreas de intervención do voluntariado.
4. Propiciar o recoñecemento social e institucional do labor voluntario.

- Medidas:

1. Mantemento e continua actualización da base de datos de asociacións e entidades.

2. Portal web de Voluntariado incorporado na web municipal, a modo de *banner* no que se recolla información sobre os diferentes servizos cos que conta o Programa Municipal de Voluntariado, así como información de interese para este sector, informando de cada unha das áreas nas que se pode actuar.

3. Creación dunha Bolsa do Voluntariado, que permitirá poñer en contacto ás persoas que se ofrezan a prestar o seu traballo voluntario coas entidades presentes no Concello de Silleda. Para iso, cumprimentarase unha ficha por parte das entidades que necesiten persoal voluntario e deseñarase outra ficha a cumprimentar pola persoa voluntaria, procesando toda a información a través dunha base de datos deseñada a tal fin. O obxectivo é ofrecer á veciñanza e ás entidades, os perfís que máis se adecúen tanto á demanda da persoa voluntaria, como ás características e necesidades das entidades.

4. Dar soporte á participación de voluntarios en actos, eventos e outras iniciativas organizadas desde o Concello e susceptibles de contar coa axuda do voluntariado.

5. Impulsar proxectos específicos orientados a facilitar a consolidación de novas áreas de intervención que dean resposta a demandas da sociedade.

6. Celebración, na periodicidade que se estableza, do Día do Voluntariado e/ou adopción de medidas para o recoñecemento social e institucional do labor desenvolvido polo colectivo de persoas voluntarias áreas de intervención que dean resposta a demandas da sociedade.

3. Formación

- Obxectivos:

1. Ofrecer formación ao voluntariado en diversos temas e problemáticas sociais.

2. Garantir unha mellor calidade e especialización na acción que realizan tanto as persoas voluntarias como as entidades de voluntariado.

3. Incrementar a capacidade xestora dos responsables das entidades.

- Medidas:

1. Desenvolvemento dun programa de formación dirixido a mellorar a capacitación de novas persoas voluntarias que melloren a especialización dos xa iniciados e a formar aos responsables de entidades. Este curso proporcionará unha visión xeral do voluntariado: características; dereitos e deberes; marco

legal e ético da acción voluntaria e dará a coñecer a oferta de accións e de organizacións no campo da solidariedade e a cooperación existente no noso municipio. De xeito complementario, ofrecerase unha aproximación aos coñecementos e habilidades necesarias para a intervención social a través do voluntariado.

4. Coordinación

- Obxectivos:

1. Impulsar a coordinación e colaboración entre os distintos organismos públicos e privados que desenvolven programas ou accións que incidan no voluntariado.
2. Fomentar a colaboración entre o Concello de Silleda e as entidades de voluntariado.

- Medidas:

1. Crear espazos de encontro, entre colectivos de voluntariado que actúen co mesmo sector, que xeren unha estrutura estable de relacións e que axuden a conseguir obxectivos comúns.

5. Información e apoio técnico

- Obxectivos:

1. Facilitar o apoio técnico que precisen o voluntariado para o adecuado desenvolvemento do seu labor.
2. Orientar e facilitar o acceso aos recursos existentes.
3. Facilitar os medios necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

- Medidas:

1. Dotar de apoio municipal que facilite información e/ou asistencia relacionada coa promoción do Voluntariado.

7. O PAPEL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

O artigo 23 da lei 10/2011 determina que lle corresponde ás entidades locais galegas, no ámbito das súas competencias territoriais o seguinte:

- a) Promover a acción voluntaria nos seus respectivos termos municipais, así como fomentar a participación da cidadanía.

- b) Articular os mecanismos de participación das entidades de acción voluntaria na vida local.
- c) Ofertar a información necesaria a aquelas persoas interesadas nas actividades de acción voluntaria, divulgando e dando publicidade ás actividades e necesidades das entidades de acción voluntaria.
- d) Fomentar a coordinación entre as diversas entidades de acción voluntaria, así como co resto de administracións que concorran no termo municipal.
- e) Promover a creación de oficinas municipais de acción voluntaria.
- f) Establecer os criterios de distribución dos recursos propios, así como conceder axudas e subvencións para o desenvolvemento da acción voluntaria.
- g) Informar o órgano competente en materia de acción voluntaria da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das accións realizadas ou que vaian realizarse no seu ámbito para garantir a colaboración e coordinación entre as administracións públicas.

Ademais, os concellos, en coordinación coas entidades de voluntariado da localidade, presentarán anualmente o proxecto de fomento e promoción do voluntariado a realizar no seu municipio cando queiran colaborar nas actuacións concertadas coa Xunta de Galicia. O Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia ao que se refire o artigo 32 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de Acción Voluntaria, regúlase pola Orde do 14 de marzo de 2014. Este Rexistro configúrase como un órgano único e público que asumirá as funcións de cualificación e inscrición das entidades de acción voluntaria, o depósito das experiencias das persoas voluntarias e a certificación das accións voluntarias desenvolvidas por estas.

8. PROCESO METODOLÓXICO

A coordinación do Plan municipal de voluntariado do Concello de Silleda corresponderá á Area de Acción Social (Cultura, Turismo Deporte, Mocidade, Voluntariado e Participación Cidadá) que se encargará así mesmo de cohesionar as accións de voluntariado emprendidas desde outras áreas municipais, desde outros estamentos públicos, e desde as institucións sociais e organizacións sen ánimo de lucro.

O Plan incorpora, nas diferentes fases do seu desenvolvemento, a participación como criterio marco de traballo, co fin de fomentar a implicación activa de todos os axentes que interveñen no voluntariado e propiciar escenarios para o debate e o intercambio de opinións entre todos os axentes de cada unha das áreas de intervención.

As fases metodolóxicas previstas para a execución do Plan son as seguintes:

1ª Fase. Implementación do Plan

1. Elaboración do borrador do Plan Municipal de Voluntariado para o seu consenso.
2. Presentación do documento ás distintas áreas municipais que poidan estar implicadas no ámbito do voluntariado, para recoller propostas de mellora.
3. Presentación do documento ás entidades de voluntariado e axentes sociais do municipio relacionados con este sector, e recollida de propostas de mellora.
4. Incorporación ao texto as achegas realizadas e redacción do documento definitivo.
5. Difusión e promoción do Plan Municipal de Voluntariado.

2ª Fase. Desenvolvemento do Plan

En primeiro lugar desenvolveranse actividades de concienciación social e sensibilización naqueles ámbitos onde se vai a centrar a captación de voluntarios e programaranse actividades de promoción do voluntariado. As actividades enmarcadas nos eixos de sensibilización e promoción deberán instaurar unha cultura do voluntariado entre os cidadáns, que propicie a incorporación destes ao Plan Municipal de Voluntariado.

Para aquelas persoas que queiran realizar accións de voluntariado, creárase unha Bolsa de Voluntariado, que ofrezca información sobre onde e como poden participar. Calquera persoa que decida ser voluntaria poderá acudir á área municipal encargada da coordinación do voluntariado. Alí realizarase unha primeira acollida e proporcionaráselle información xeral sobre as fases a seguir para incorporarse ao programa de voluntariado dalgunha das entidades presentes na área de intervención que lle resulte de interese.

3ª Fase: Incorporación ao Plan

A incorporación da persoa voluntaria ao programa, farase sempre en virtude da solicitude do interesado/a. Para iso, facilitaráselle unha ficha que recolla os datos de identificación, así como outros datos relacionados co perfil persoal, cos intereses e preferencias sobre a actividade que quere iniciar, os coñecementos e a formación necesaria e a dispoñibilidade horaria. Poderán participar menores de idade sempre e cando contén co consentimento do seus pais/ nais ou titores/as legais, fixéndose como idade mínima os 16 anos.

Unha vez solicitada a incorporación ao Programa, os datos incorporaranse á base de datos con información pormenorizada de todo o movemento asociativo do municipio, ferramenta fundamental para a incorporación dos voluntarios nos programas e a coordinación das entidades de voluntariado existentes.

Cando se alcance un número mínimo de novos voluntarios (entre 10 e 15), convocarase aos interesados ao curso de formación básica en voluntariado, deseñado para facilitar a adquisición dos seguintes coñecementos:

- Conceptos elementais sobre a acción voluntaria e a intervención social.
- Información da estrutura do movemento voluntario en Silleda.
- Recursos e programas de voluntariado existentes.

Unha vez realizado este curso, a persoa voluntaria recibirá un carné de voluntario que acredite a súa condición.

Desde a área municipal encargada da coordinación do voluntariado, en colaboración coa entidade ou entidades de referencia, farase a valoración oportuna para asignar á persoa voluntaria a un proxecto concreto ou a unha entidade de voluntariado, axustando o perfil do/do voluntario/á as demandas existentes.

As persoas voluntarias poderán incorporarse a diferentes proxectos realizados por entidades de voluntariado do municipio:

- Proxectos de entidades sociais que son subvencionados, financiados, polo Concello, coas que se traballase durante toda a duración do proxecto.
- Proxectos executados por entidades de voluntariado coas que non colabora o Concello. Ante unha demanda de voluntarios/as, coñecerase o proxecto para o que se solicitan e se procede, establecerase coa entidade un acordo de colaboración que regule a incorporación da mesma no Plan municipal de voluntariado, que implicará a adecuada selección dos perfís requiridos e a atención convida en cada momento coas entidades solicitantes.

As persoas voluntarias poderán así mesmo formar parte de calquera outra iniciativa específica de voluntariado que, conforme á normativa vixente e no marco das súas competencias, poida impulsar ou desenvolver directamente o Concello.

Desde a área municipal encargada da coordinación do voluntariado colaborarase coas entidades para facilitar a formalización do compromiso de voluntariado entre a persoa voluntaria e a entidade, no cal se determinarán, entre outros aspectos, as funcións e tempo de duración da acción de voluntariado.

Mecanismos de control

A área municipal encargada da coordinación do voluntariado, en coordinación co persoal técnico ou responsable que corresponda e a entidade de voluntariado,

realizará o seguimento da persoa voluntaria durante todo o proceso ata que cese a actividade, así como a avaliación da acción voluntaria.

Coordinación do Plan

Dado que o Plan municipal de voluntariado é o referente para a coordinación da acción voluntaria no municipio de Silleda, toda actuación que se realice debe estar consensuada e recollida na programación anual do Plan.

Desde a área municipal encargada da coordinación do voluntariado estableceranse reunións de coordinación co persoal técnico municipal, e con responsables doutras entidades e axentes sociais con competencias en materia de voluntariado, para:

- Planificar as actuacións que anualmente darán contido a cada un dos eixos previstos no Plan municipal de voluntariado.
- Establecer as tarefas e competencias de cada unha das partes implicadas, para cada unha das actuacións planificadas.
- Levar a cabo a avaliación do Plan.

Organismos e entidades implicados no Plan Municipal de Voluntariado

Atendendo á vocación eminentemente integradora do Plan, identifícanse como organismos e entidades potencialmente implicados no seu desenvolvemento as seguintes:

- Concello de Silleda
- Asociacións, entidades e colectivos presentes no municipio: deportivas, culturais, veciñais, educativas, sociais, artísticas, ambientais, de lecer e tempo libre.

A relación anterior non posúe carácter exhaustivo, polo que poderá ser ampliada, reducida ou modificada en función da propia dinámica de implantación do Plan.

4ª Fase. Avaliación do Plan.

O Plan municipal de voluntariado, como se indicou con anterioridade, é o marco de referencia para o deseño de calquera actuación que se realice neste sector.

Así, a avaliación deste Plan debe ser continua e segundo se vaia desenvolvendo, poderase realizar unha modificación e reestruturación dos obxectivos e medidas que contempla.

Froito das conclusións que se vaian obtendo, os órganos responsables do seu seguimento poderán reorientar as medidas contempladas nel, para o mellor cumprimento dos obxectivos que persegue.

Avaliaranse as accións implementadas para identificar os resultados acadados e o seu alcance e así coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos programados.

A avaliación tratará de medir así mesmo as percepcións e valoracións de todos os axentes implicados no voluntariado.